

**SAMAIN**

**2013**

**3° CICLO**

### Pequena introdución

Xa chegou o outono fai algún tempo, nótase o frío polas rúas, anunciando o non tan afastado xa inverno. A xente xa non sae tanto da súa casa, non hai tanta xente como no verán polas rúas e prefírense lugares cómodos e quentes. Neste ambiente, o 31 de outubro prodúcese unha das festas máis coñecidas do ano, o Samaín, celebrada de xeito distinto en cada país. Para uns é sinónimo de ritos e crenzas ancestrais, de adoración aos defuntos, para outros, unha festa na que os disfraces, doces e o terror é a espiña dorsal desa noite; unha festa sacra e unha festa comercial. Trátase dunha noite especial, á que con só referirnos a ela, a nosa infinita imaxinación lévanos aos bosques escuros entre os celtas, aos mundos en que elfos e trasnos, ananos e fadas mestúranse todos nun, tamén nos veñen á cabeza escenas de películas de terror que marcaron unha especie de tópico respecto dese día, no que parece que todos somos perseguidos por pantasmas que veñen do máis aló en busca de vinganza por un acto pasado (icoma se non tivesen outra cousa que facer!). É nesta noite singular onde os nosos devanceiros dicían que se abría unha porta alén, á morte, e esas dúas dimensións quedaban xuntas durante algunhas horas...

Que películas lembramos sobre esta festa?

.....

.....

.....

.....

.....

### Festa celta

Noite do 31 de outubro dalgún ano do século I a.C. A escuridade vaíse cernendo sobre un pequeno poboado celta. Á noitiña ven fogueiras en todo o lugar, coma se o lume intentase rodear o poboado. Escóitanse cantos, e vese á xente danzar e tocar; parece unha festa, a maior deste pobo. Os druídas, cun profundo sentimento, sóbense aos carballos e aciñeiras en busca de baías de acivro, armados para tal fin cunha extraordinaria fouce de ouro e un pequeno caldeiro. Respírase un aire distinto, non é o producido polas fogueiras, nin polo perfume dos árbores, nin tampouco o outono. Unha porta abriuse cara o outro mundo, outra dimensión. O mundo dos mortos convive co dos vivos, e os antepasados volven estar cos seus.

## O Samáin

Durante a noite do 31 de outubro os druídas (a caste sacerdotal dos celtas) recollían as baías do acivro dos troncos de aciñeiras e carballos, cunha fouce de ouro. E por que unha fouce de ouro? Moi sinxelo. Os celtas consideraban a este metal como un metal puro, e era xa que logo o único que se podía utilizar para estes quefaceres. Unha vez subidos ao tronco dun carballo ou aciñeira, os druídas cortaban baia por baia de acivro mentres recitaban uns mantras, que seguramente eran para atribuír máis poder ao acivro. Por desgraza, os druídas non deixaron restos escritos pois así, como dixo Xullo César "evitaban que o seu sistema de adestramento caese en mans do vulgo e, segundo, que os estudantes descoidasen o exercicio da súa memoria por confiar na palabra escrita".

Continuemos co rito: acto seguido depositaban esas baías nun caldeiro ou as tiraban a un manto branco que sostiña outro druída no chan. Esta descrición deste ritual débemoslla ao historiador Plinio. Despois, esas baías tan especiais, terían indubidables poderes curativos para o poboado, e para as súas elaboracións "máxicas". Tamén diremos que é nesta festa onde os druídas poden comer carne de porco e beber viño, só esta noite.

Seguramente vos preguntaredes e o resto do ano? Para eles non estaba prohibido, pero si estaba moi "desaconsellado"; debemos recordar que os druídas eran unha caste sacerdotal, e que moito poder sobre o poboado. Eles eran os guías e os sabios e debían dar unha imaxe de serenidade e de respecto cara aos demais .

Deixemos esa data e vaíamos uns días antes. Durante eses días antes do ano novo, tiñan lugar innumerables sacrificios animais. Ademais de ter un carácter relixioso, temos que ter en conta unha cousa: a data. Achégase o inverno e hai que empezar a almacenar para facer fronte aos duros meses que veñen por diante. Estes sacrificios de animais, facíanse co obxectivo de aprovisionarse de carne e de pel para o inverno. Era a súa peculiar "matanza".

Ben, unha vez cometidos os sacrificios, e recollido as baías de acivro, volvamos a esta magnífica noite. Por todos é sabido que esa noite está relacionada moi directamente co mundo dos mortos. Pois ben, esta crenza estaba moi arraigada no pobo celta. Eles crían que esa noite, unha "porta" abríase, e a dimensión dos vivos quedaba en comunicación coa dimensión do mundo dos mortos, polo menos por unhas horas. Durante este período non se podía saír da comunidade, pois nesta noite, a comunidade non se puña en contacto con outras comunidades senón que se puñan en contacto cos seus propios antepasados. Durante esas horas, podía tocarse, palpar e ata se

podía traspasar ao mundo dos mortos. Por iso en todo o pobo había fogueiras. Non se acendían coa intención de espantar aos malos espíritos nin nada diso, senón que se acendían para poder guiar aos mortos na escuridade da noite, para que atopase aos seus parentes e fogares, e puidésense quentar coa calor do lume do fogar.

Como apunte final a esta festa celta, mencionar unha curiosa tradición: os celtas, esas noites, amontoaban as caveiras dos seus mortos (e tamén dos seus inimigos) e pintábanas. O significado desta tradición neste pobo non o sei, pero que tivo repercusións noutras culturas como a galaica. Esta cultura tiñan nas encrucilladas amontoamentos de pedras (chamados milladoiros) e tíñase o costume de depositar unha pedra e pedir un desexo. Existe un milladoiro no camiño de Santiago, que é famoso (ademais de estar preto de Santiago de Compostela), porque posúe unha gran cruz de ferro. O feito de depositar unha pedra alí é signo de que non terás mala fortuna durante o que queda de viaxe, por iso os peregrinos soen levar unha pedra desde o seu lugar de orixe, ou ben a collen antes de chegar ao milladoiro. que ver cun irlandés chamado Jack...

**Busca no dicionario as seguintes palabras e súñalas no texto:**

druída:.....

.....

Mantra.....

.....

Sacrificio.....

.....

.Milladoiro.....

.....

**Fai un debuxo recreando a descripción que acabas de ler**

## A lenda da cabaza

Fai moito tempo, nun pequeno pobo irlandés había un monxe chamado Jack. Jack segundo algunhas lendas era un tipo alto e delgado, que lle gustaba gastar bromas e facer maldades. Pero era un home astuto, e tanto o cría el, que ata fixo un pacto co demo. O pacto, contan, consistía en que o demo non o deixaría ir ao inferno se Jack facía o mal na terra. E así foi. Pero Jack era mortal, e como a todos os mortais chegoulle a súa hora.

No ceo non o deixaron entrar, non podían deixar entrar a un ser tan malo, e claro no inferno o diaño cumpriu o seu parte e non lle deixou pasar, pero deu a Jack unha lanterna, unha peculiar lanterna en compensación por todo o mal causado. Esta lanterna consistía nun nabo oco cun carbón que sería incandescente por sempre. E desde entón cóntase que Jack (coñecido por Jack of the Lantern, Jack da lanterna) deambula polo mundo coa súa lanterna en busca dun lugar onde descansar.

A verdade é que esta é unha versión da coñecida lenda de Jack of the Lantern ou Jackou-Lantern, pois existen infinidade de variantes. Por exemplo, existe outra variante da lenda na que Jack fixo unha broma ao diaño; fíxolle rubir por unha árbore seca e quedou encerrado no seu tronco. A cambio da súa liberdade, o diaño teríalle que deixar de tentar coa bebida. E claro, como fora unha persoa que fixera malas accións, e como o diaño en vinganza pola broma non lle deixou entrar, quedou por "aí", vagando eternamente coa súa lanterna.

A lanterna era a base de nabo, entón... de onde vén a cabaza? Cando chegaron os primeiros colonos ingleses e irlandeses, tiñan a tradición do nabo, pero se atoparon coa cabaza. Esta ofrecía mellores características que o nabo: en primeiro lugar é máis grande que un \*nabo e pódese introducir unha vela, dando máis luz; en segundo lugar proporciona máis alimento; e en terceiro lugar é máis vistosa. Existe tamén a lenda que se recorta a cabaza en forma de monstro e acéndese unha vela dentro para que Jack, Jack o da Lanterna, non se achegue a esa casa, empuñando a súa eterna luz para ver nas tebras...

Contesta:

Quen era Jack?


.....  
.....


Que vantaxes ofrecía a cabaza sobre o nabo?

.....  
.....  
.....  
.....

Escribe moi brevemente a lenda da cabaza

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....








## UN ESQUELETO DE MEDO

Recorta o esqueleto seguindo as liñas, pícalle os furados e móntao con encadernadores.



<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepazos/Ana/LIM/SAMAIN/samain.html>

<http://centros.edu.xunta.es/ceip.manuel.fraga/unidades/samain/xogosamain.html>

<http://chiscos.net/almacen/lim/samainfantil/lim.swf?libro=samainfantil.lim>

[http://chiscos.net/almacen/lim/samai\\_n4/lim.swf?libro=samai\\_n.lim](http://chiscos.net/almacen/lim/samai_n4/lim.swf?libro=samai_n.lim)

<http://vimeo.com/31461269>